

# Tarifa de comisións, condicións e gastos repercutibles a clientes

En vigor desde 10-03-2019

## EPÍGRAFE 23 SERVICIOS DE PAGAMENTO: SERVICIOS AGRUPADOS NEGOCIOS

As tarifas recollidas nesta epígrafe teñen carácter de máximas e aplícanse a non consumidores.

Servizo dirixido a titulares de contas con movementos derivados e/ou asociados con actividades empresariais e/ou profesionais

MODALIDADE DE SERVICIOS AGRUPADOS NEGOCIOS	COMISIÓN
PACK NEGOCIOS	12,00 EUR/mensuais
PACK AUTÓNOMOS	36,00 EUR/trimestrais
PACK PEMES	36,00 EUR/trimestrais
TARIFAS PLANAS CX	50,00 EUR/trimestrais

**NOTA 1** O cobramento da comisión prevista nesta epígrafe é incompatible co da comisión de mantemento de contas, punto 1.2.1, 1.2.2, e co da comisión de administración, punto 1.3. da epígrafe 10 – Contas correntes, de aforro e depósitos a prazo.

### NOTA 2 BONIFICACIÓNS:

1- Na modalidade Pack Negocios o banco aplicará sobre o importe da comisión mensual as seguintes bonificacións se se cumpren as condicións establecidas

Condicións	% Bonificación sobre a comisión mensual
PAGAMENTO DE NÓMINAS	50%
PAGAMENTO DE SEGUROS SOCIAIS	25%
DOMICILIACIÓN DE RECIBOS	25%
TPV ACTIVO	50%

Condicións para a aplicación das bonificacións:

**PAGAMENTO DE NÓMINAS**, se no mes anterior ao da liquidación da comisión se pagaron polo menos dúas nóminas mediante transferencia con cargo á conta persoal asociada á modalidade.

**PAGAMENTO DE SEGUROS SOCIAIS**, se no mes anterior ao da liquidación da comisión se pagaron seguros sociais con cargo á conta persoal asociada á modalidade.

**DOMICILIACIÓN DE RECIBOS**, se no mes anterior ao da liquidación da comisión se pagaron polo menos dous recibos correspondentes a consumo de auga, electricidade, gas ou teléfono mediante domiciliación na conta persoal asociada á modalidade.

**TPV ACTIVO**, se no mes anterior ao da liquidación da comisión a través da conta persoal asociada á modalidade se liquidou facturación derivada dun terminal punto de venda contratado co banco para a recollida de facturación de tarxetas por unha cantidade superior a 1.000 euros.

As bonificacións son acumulativas e aplícanse cando proceda ata a exención total da comisión mensual, sen que en ningún caso poidan dar lugar a un aboamento pola diferenza que puidese existir entre o cómputo total de todas elas e a comisión.

2- Nas modalidades Pack Autónomos e Pack PEMES o banco aplicará sobre o importe da comisión trimestral unha bonificación do 100 % se se cumpren as dúas condicións establecidas:

Condicións	% Bonificación sobre a comisión trimestral
PAGAMENTO DE SEGUROS SOCIAIS + DOMICILIACIÓN DE RECIBOS	100 %

Condicións para a aplicación das bonificacións:

**PAGAMENTO DE SEGUROS SOCIAIS**, se en cada un dos tres meses anteriores ao da liquidación da comisión se pagaron seguros sociais con cargo á conta persoal asociada á modalidade.

**DOMICILIACIÓN DE RECIBOS**, se en cada un dos tres meses anteriores ao da liquidación da comisión se pagaron polo menos dous recibos correspondentes a consumo de auga, electricidade, gas ou teléfono mediante domiciliación na conta persoal asociada á modalidade.

3 - Na modalidade Tarifas Planas CX o banco aplicará sobre o importe da comisión trimestral unha bonificación do 100 % se se cumpren as dúas condicións establecidas:

Condicións	% Bonificación sobre a comisión trimestral
- XERAR UN MÍNIMO DE 20 MOVEMENTOS MENSUAIS - REALIZAR UN MÍNIMO DUN CARGO MENSUAL EN CONCEPTO DE NÓMINA, SEGUROS SOCIAIS OU RECIBO DE AUTÓNOMOS	100 %

Condicións para a aplicación da bonificación:

Canalizar exclusivamente a operatoria empresarial e/ou profesional a través da conta e xerar un mínimo de 20 MOVEMENTOS MENSUAIS cun mínimo dun CARGO EN CONCEPTO DE NÓMINA, DE SEGUROS SOCIAIS ou RECIBO DE AUTÓNOMO.

A comprobación do cumprimento das condicións realizarase por trimestres naturais.

**NOTA 3** Servizos Agrupados Negocios permite asociar contas persoais, todas elas exentas das comisións de administración e mantemento. O número varía en función da modalidade:

MODALIDADE DE SERVICIOS AGRUPADOS NEGOCIOS	Núm. de contas que se poden asociar	Núm. de titulares permitidos
PACK NEGOCIOS	1	1-99
PACK AUTÓNOMOS	1	1-99
PACK PEMES	1	1-99
TARIFAS PLANAS CX	1	1-99

En todas as modalidades, o banco resérvase o dereito de incluír contas que non presenten movementos derivados e/ou asociados con actividades empresariais e/ou profesionais, así como o de determinar os tipos de contas incluídos en cada modalidade de entre os comercializados polo banco en cada momento.

**NOTA 4** Outros servizos incluídos en cada modalidade:

MODALIDADE DE SERVICIOS AGRUPADOS NEGOCIOS	(1) Núm. servizos sen comisión
PACK NEGOCIOS	Ilimitados ao ano
PACK AUTÓNOMOS	Ilimitados ao ano
PACK PEMES	10 ao mes
TARIFAS PLANAS CX	Ilimitados ao ano (2)

(1) Servizos sen comisión: Ingresos de cheques en euros sobre prazas nacionais, e/ou emisión de cheques bancarios e/ou transferencias nacionais en euros e/ou transferencias entre estados membros da Unión Europea máis Liechtenstein, Noruega e Islandia, efectuadas en euros, coroas suecas ou lei romaneses, computando globalmente as realizadas na conta vinculada. Excluídas as OMF (orde de movemento de fondos), transferencias valor día, transferencias internacionais (excluído EEE) e transferencias inmediatas.

Cada un dos ingresos de cheques, emisión de cheques bancarios e/ou transferencias que excedan do límite asignado para cada modalidade terá a comisión que corresponda cun máximo de 2,4 EUR.

**NOTA 5** Entenderase en todo caso que os servizos contemplados nas modalidades Pack Negocios e Pack Autónomos van referidos a persoas físicas e a modalidade Pack Pemes a persoas xurídicas. O banco resérvase o dereito de ofrecer os servizos incluídos nesta epígrafe a persoas físicas e xurídicas non residentes en España.